



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA “PROXECTO DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NA ZONA DE TORTOREOS (AS PÍAS, REGUENGO, CHAN, LIÑARES Y REDONDELO) Y AS NEVES BRUÑEIRAS”. PROXECTO IDAE: FEDER-EELL-2019-000537.

1. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DAS NECESIDADES A SATISFACER

De conformidade co disposto nos artigos 28 e 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 e, en canto non se opoñan a anterior, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector publico, no Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións publicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (en diante RGLCAP), así como na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións publicas, no relativo ao acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, constitúe o obxecto deste prego de cláusulas administrativas particulares regular a contratación da execución da obra denominada “**Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumeado público nas zonas de Tortoreos (As pías, Reguengo, Chan, Liñares e Redondelo) e As Neves Bruñeiras**”, no Concello de As Neves, de conformidade coas determinacións que se especifican no prego e no proxecto técnico redactado polo técnico competente e aprobado pola Resolución da Alcaldía de data 11 de outubro de 2019, Resolución número 2019-0337.

De conformidade co disposto no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, constitúe competencia dos Concellos a prestación obrigatoria en materia de alumeado publico. As necesidades a satisfacer mediante a tramitación do presente contrato consisten na renovación das instalacións de rede de alumeado publico en varias zonas do Concello, con obxecto da mellora da eficiencia enerxética e adaptar as instalacións a regulamentación vixente.

O obxecto deste contrato non se divide en lotes ao amparo do disposto no artigo 99.3 LCSP en consideración do seu obxecto, por canto a súa división en lotes dificultaría a correcta execución deste.

O código CPV de identificación da prestación obxecto do contrato, de conformidade co establecido no Regulamento CE nº 213/2008 da Comisión Europea do 28 de novembro de 2007, e o seguinte: **45316000-5: Trabajos de instalación de sistemas de alumeado e sinalización.**



Cod. Validación: 5YEKKF5X3HNP34NFG97CDRSG2 | Corrección: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 24



2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A contratación da execución da obra denominada **“Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumado público nas zonas de Tortoreos (As pías, Reguengo, Chan, Liñares e Redondelo) e As Neves Bruñeiras”**, realizarase mediante procedemento aberto simplificado de conformidade co previsto no artigo 159 LCSP.

A adxudicación do contrato, de conformidade co previsto no artigo 146 LCSP, realizarase empregando unha pluralidade de criterios de adxudicación vinculados o obxecto do contrato que se establecen no apartado 9 deste prego.

Este contrato clasifícase como contrato administrativo de obras, de conformidade co disposto nos artigos 12 e 13 da LCSP.

3. FINANCIAMENTO

O importe da adxudicación aboarase integramente con cargo ao orzamento do Concello, existindo crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste contrato respecto da aplicación orzamentaria 165.619 do vixente orzamento municipal.

Esta contratación ven concedida por unha resolución favorable de concesión de subvención polo Instituto para la Diversidad y Ahorro de Energía (IDAE), segundo o establecido no Real Decreto 616/2017, de 16 de xunio, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro. Dita subvención ascende a un 80% do importe total concedido e ha sido comunicada o 25 de abril de 2019.


4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O orzamento base de licitación para este contrato, determinado de conformidade co previsto no artigo 100 LCSP, queda fixado na cantidade de 100.551,10 euros, correspondendo ao importe neto a cantidade de 83.100,08 euros, mais 17.451,02 euros de IVE; integrado polos custos directos e indirectos previstos nos artigos 130.2 e 130.3 RGLCAP que se reflicten no cadro de resumo do orzamento do proxecto técnico, estimados a partir do convenio laboral de aplicación.

O valor estimado deste contrato determinouse de conformidade co previsto no artigo 101 a) LCSP, resultando un importe de 83.100,08 euros.

5. PRAZOS E PENALIZACIÓNS POR DEMORA NA EXECUCIÓN

De conformidade co previsto no proxecto, o prazo de execución da obra é de **70 días** a contar dende a data da acta de comprobación e reformulo, que se levantará dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a 1 mes a contar dende a formalización do





contrato, de conformidade co disposto no artigo 237 LCSP. O director técnico da obra poderá fixar prazos parciais de execución no programa de traballo.

Se o adxudicatario, por causas imputables a él, incorre en demora na realización da prestación contratada, o Concello poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalizacións por demora, de conformidade co disposto no artigo 193.3 LCSP.

A resolución do contrato acordarase, no seu caso, de conformidade co disposto nos artigos 195 e 211.1 d) LCSP, determinando a incautación da garantía definitiva e o deber do contratista de indemnizar os danos e prexuízos causados a administración en canto excedan do importe da devandita garantía, de conformidade co disposto no artigo 213.3 LCSP.

Se o Concello, en caso de demora na execución por causa imputable ao contratista, optara pola imposición de penalizacións por demora, que se aplicarán na contía prevista no artigo 193.3 LCSP, e sen prexuízo da efectividade de estas, mediante dedución nos documentos de pago correspondentes ou, no seu defecto, sobre a garantía constituída, o contratista deberá indemnizar os danos e prexuízos irrogados a Administración como consecuencia de atraso culpable en canto excedan do importe das penalizacións impostas (art 194 LCSP); debendo acordar a Administración a ampliación do prazo de execución, na medida que se estime necesaria para a terminación do contrato, todo iso de conformidade co disposto nos artigos 98 e 99 do RGLCAP.

Se o atraso fora producido por motivos non imputables o contratista e si este se compromete a executar a prestación con prórroga do prazo, deberá ser acordada esta prórroga pola Administración, nos términos do artigo 195 LCSP.

6.GARANTÍAS

Non se esixe garantía provisional, tendo en conta o seu carácter potestativo ao amparo do disposto no artigo 106 da LCSP.

O importe da garantía definitiva a constituír polo adxudicatario, en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP, efectuando a retención no primeiro pago en caso de usar a forma prevista no punto 2 do devandito artigo, será do 5% (IVE/IVE excluído) do prezo de adxudicación, de conformidade co previsto no artigo 107.1 da LCSP. Con todo, se a oferta do adxudicatario estivese incurso na presunción de anormalidade ou desproporción, a garantía definitiva a constituír será do 10% (IVE/IVE excluído) do prezo de adxudicación, de conformidade co previsto no artigo 107.2 da LCSP.

Dita garantía constituirase no prazo de 7 días hábiles contados desde o seguinte ao envío do requirimento efectuado electronicamente pola mesa de contratación. De conformidade co previsto no artigo 159.4 f) da LCSP, se o candidato proposto como adxudicatario non presenta a garantía definitiva no prazo dos 7 días concedido efectuarase proposta de adxudicación en favor do seguinte candidato.





7. CONDICIÓN DOS LICITADORES: APTITUDE PARA CONTRATAR

Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económico financeira e técnica nos termos previstos neste prego, non se atopen incursas en ningunha das causas de prohibición para contratar co sector público do artigo 71 da LCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto deste contrato a teor do disposto no artigo 65 da LCSP.

a) Capacidade de obrar do empresario:

A capacidade de obrar e a non concorrencia de prohibicións de contratar acreditarase neste procedemento mediante a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou rexistro correspondente da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 159.4 a) da LCSP.

b) A solvencia do empresario:


A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse para esta contratación por calquera dos seguintes medios previstos no artigo 87 da LCSP:

- Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.
- Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 200.000 euros, debendo estar vixente durante a duración do contrato.

A solvencia técnica do empresario, de conformidade co previsto no artigo 88 da LCSP, poderá ser acreditada por calquera dos medios previstos no punto 1 do referido artigo.

De igual modo, de conformidade co previsto no art. 88.2 da LCSP, nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) a f) do apartado uno do citado artigo 88, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obras.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou no correspondente rexistro da Comunidade Autónoma, acreditará, a teor do reflectido nel, e salvo proba en contra, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias rexistradas, así como a concorrencia ou non das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo.





8. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

CONDICIÓN PREVIAS:

De conformidade co previsto no artigo 139 da LCSP 9/2017 as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS:

De conformidade co artigo 159 da LCSP, as proposicións, xunto coa documentación preceptiva presentaranse, dentro do prazo de vinte días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do órgano de contratación, exclusivamente de forma electrónica a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público pon ao dispor de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.

Por este motivo, para participar nesta licitación, é importante que os licitadores interesados rexístranse, no caso de que non o estean, na Plataforma de Contratación do Sector Público.

A oferta electrónica e calquera outro documento que a acompañe deberán estar asinados electrónicamente por algún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Para garantir a confidencialidade dos contido dos sobres ata o momento da súa apertura, a ferramenta cifrará ditos sobres no envío. Unha vez realizada a presentación, a plataforma proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío con selo de tempo.

INFORMACIÓN AOS LICITADORES:

Os licitadores poderán solicitar do órgano de contratación, a través do seu perfil de contratante, a información adicional e documentación complementaria que estimen necesaria para a presentación das súas ofertas, debendo serlles facilitada polo órgano de contratación de conformidade co previsto no artigo 138 da LCSP.

CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS:

No procedemento non se contemplan criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, polo que a oferta presentarase nun sobre ou arquivo electrónico asinado polo licitador ou persoa que o represente, no que se fará constar a lenda “Proposición para a execución do PROXECTO DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ILUMINACIÓN PÚBLICA NAS ZONAS DE TORTOREOS (AS PÍAS, REGUENGO,



Cod. Validación: 5YERKFP3X3HNP34NFG97CDRSG2 | Corrección: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona xestiona xestiona | Páxina 5 a 24



CHAN, LIÑARES E REDONDELO) E AS NEVES BRUÑEIRAS”, o nome e apelidos do licitador ou razón social da empresa e o seu correspondente NIF/CIF. No seu interior farase constar unha relación numérica dos documentos que conteñen. Os documentos para incluír en cada sobre son os seguintes:

SOBRE “ÚNICO” DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA:

Contido do sobre:

1. Declaración responsable:

A declaración responsable do licitador prevista no artigo 140 da LCSP indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración; dita declaración presentárase conforme ao modelo incluído no Anexo do presente prego. Se varias empresas concorren constituíndo unha unión temporal, de conformidade co previsto no artigo 69 da LCSP cada unha das que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia, presentando todas e cada unha a correspondente declaración responsable, así como un compromiso asinado polos representantes de todas as empresas de establecer formalmente unha unión temporal en caso de ser adjudicatarias do contrato.

Tamén, nos casos en que o empresario recorra á solvencia de medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP 2017, cada unha delas tamén deberá presentar unha declaración responsable na que figure a información pertinente.


As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 140 da LCSP 2017, deberán concorrer a data final de presentación das ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

2. Proposición Económica:

Conforme ao modelo que se detalla a continuación:

«D. /D^a. _____, con domicilio a efectos de notificacións na dirección de correo electrónico _____, con DNI _____, en nome propio ou en representación de _____, con CIF _____, informado/a de o procedemento convocado polo Concello As Neves para a contratación administrativa mediante procedemento aberto simplificado da execución da obra denominada ***"PROXECTO DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ILUMINACIÓN PÚBLICA NAS ZONAS DE TORTOREOS (AS PÍAS, REGUENGO, CHAN, LIÑARES E REDONDELO) E AS NEVES BRUÑEIRAS"***, solicita a súa admisión ao devandito procedemento, e **fai constar:**

1. Que coñece e acepta integralmente o prego de cláusulas administrativas e o proxecto que rexe neste procedemento.





2. Que se compromete a realizar o contrato por un importe total de _____ € IVE/IVE incluído (correspondendo ao importe neto a cantidade de _____ €, e ao IVE/IVE aplicable a cantidade de _____ €).
3. Que sendo o prazo máximo de execución o establecido no apartado 5 do presente prego, ofrece unha redución do devandito prazo en _____ días.
4. Que sendo o prazo de garantía mínimo o establecido no apartado 23 do presente prego, ofrece un período de garantía adicional de _____ anos.
5. Que se compromete a fornecer _____ luminarias adicionais sen custo para o concello.

En _____, a _____ de _____ 2020

Asdo.: _____».

9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O Concello das Neves adxudicará o contrato ao licitador que teña a maior puntuación en consideración aos criterios que seguidamente se relacionan, atendendo á mellor relación calidade-prezo, e coa ponderación que se indica.

Criterios de adxudicación e valoración:

1. Prezo de licitación ofertado: ata 30 puntos

Obterá a puntuación máxima (30 puntos) o licitador que oferte a maior baixa. Para determinar o resto das puntuacións seguirase unha regra de proporcionalidade de acordo coa seguinte fórmula, considerando as puntuacións redondeadas ao segundo decimal:

Puntos a obter = 30 X Importe baixa que se está valorando


Importe maior baixa

Determinaranse as ofertas con valores anormalmente reducidas segundo o establecido no apartado 11 do presente prego. Aquelas que, incorrendo nesta presunción de anormalidade, o órgano de contratación non considerase suficientemente xustificadas, quedarán excluídas de acordo co disposto no artigo 149.6 da LCSP.

2. Redución do prazo de execución: ata 15 puntos

Outorgarase 1'5 punto por cada 4 días de redución respecto ao prazo establecido no apartado 5 do presente prego ata un máximo de 40 días e sen considerar fraccións.

3. Ampliación do prazo de garantía: ata 25 puntos





Outorgaranse 5 puntos por cada ano de incremento do prazo de garantía que se oferte respecto do prazo mínimo esixido (**mínimo de 5 anos**) ata un máximo de 10 anos.

- Ampliación nun ano: 5 puntos
- Ampliación en dous anos: 10 puntos
- Ampliación en tres anos: 15 puntos
- Ampliación en catro anos: 20 puntos
- Ampliación en cinco anos: 25 puntos

Durante todo o prazo de garantía ofertado, o adxudicatario quedará obrigado a repoñer as luminarias avariadas nun prazo máximo de cinco días naturais desde o aviso se a avaría afecta a un só punto de luz, e no prazo máximo de tres días naturais desde o aviso no caso que a avaría afecte a unha rúa completa ou zona do núcleo.

4. Melloras: Luminarias adicionais: ata 30 puntos

Outorgarase 1 punto por cada luminaria adicional de tipo viario ata un máximo de 30 luminarias.

10. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

Non se admiten variantes.

11. OFERTAS ANORMALMENTE BAIAS

A determinación de existencia de ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas realizarase exclusivamente en consideración ao prezo ofertado, tendo en conta os criterios sinalados no artigo 85 do RGLCAP:

1. Cando concorra un só licitador, considerarase baixa temeraria se a oferta é inferior ao orzamento basee de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, considerarase baixa temeraria se unha das ofertas é inferior á outra en máis de 20 unidades porcentuais.
3. Cando concorran tres ou máis licitadores, consideraranse baixas temerarias as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo desta media a oferta de contía máis elevada, cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a esta media, procedendo a calcular unha nova media coas ofertas restantes. En todo caso, se o número de ofertas restantes é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menos contía.

En calquera caso, considerarase baixa temeraria a baixa superior a 25 unidades porcentuais respecto ao orzamento basee de licitación.





Cando en aplicación dos parámetros establecidos nos criterios de valoración das ofertas, algunha delas estea incurso en presunción de anormalidade, a Mesa en aplicación do artigo 159.4 f) da LCSP concederá aos licitadores afectados un prazo máximo de cinco días hábiles desde o envío da correspondente comunicación para que poidan presentar unha xustificación razoada e detallada (de conformidade co previsto no artigo 149.4 da LCSP) de que as súas ofertas poden ser cumpridas e as prestacións obxecto do contrato executadas nas condicións e prazos previstos. Cos trámites anteriores, e previo informe dos servizos técnicos do Concello, a Mesa elevará ao órgano de contratación a proposta de aceptación e de conseguir adxudicación no seu caso, ou rexeitamento das ofertas incursas en presunción de anormalidade.

12. PREFERENCIA DE ADXUDICACIÓN EN CASO DE EMPATE

Cando, tras efectuar a ponderación de todos os criterios de valoración establecidos para a adxudicación do contrato, prodúzase un empate na puntuación outorgada a dúas ou máis ofertas utilizaranse os seguintes criterios para resolver a devandita igualdade:

1. A oferta que obtivese maior puntuación no criterio prezo.
2. A oferta que obtivese unha maior puntuación no criterio de ampliación de garantía.
3. A empresa que acredite ter unha maior porcentaxe de traballadores con discapacidade no seu persoal de persoal.
4. De persistir o empate, sorteo en acto público ao que serán convocados todos os licitadores interesados.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será proporcionada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

13. MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da LCSP, e no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo, en acto público, as funcións que para o procedemento aberto simplificado establécese no art. 159.4 da LCSP.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas as funcións de control económico - orzamentario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen





parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros desta. Actuará como secretario un funcionario da Corporación.

De conformidade co previsto no aparello 7 da citadas Disposición Adicional Segunda da LCSP, e no artigo 326.6 da devandita Lei, a Mesa estará integrada por:

- Presidente: MARCELINO COUTO MARTINEZ, ou quen legalmente o substitúa.
- Secretario: CONCEPCION E. SOLANO DE EYTO, ou quen legalmente o substitúa.
- Vogal: MARIA JESÚS RODRIGUEZ FREIRE (Secretaria-Interventora), ou quen legalmente o substitúa.

Designados polo órgano de contratación os integrantes da Mesa, procederase á súa publicación no Perfil de Contratante do órgano de contratación.

14. APERTURA DE PROPOSICIÓN

A Mesa de Contratación constituirase en acto público tras a finalización do prazo de presentación das proposicións e procederá á apertura do sobre ÚNICO que contén a documentación administrativa, a proposición económica e a documentación cuantificable de forma automática.

15. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

De conformidade co previsto no artigo 159.4 f) da LCSP a Mesa de contratación requirirá, mediante comunicación electrónica, ao licitador que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de sete días hábiles desde a data do envío da comunicación, constitúa a garantía definitiva, así como, que presente a documentación acreditativa de que ostenta a solvencia económica, financeira e técnica se non constan reflectidas no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público previsto no artigo 96 da LCSP e, de ser o caso, para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios necesarios para a execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP.

No caso de que no prazo outorgado para o efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva.

16. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co previsto no artigo 159.4 f) da LCSP, presentada a garantía definitiva, e nun prazo non superior a cinco días, procederase a adxudicar o contrato a favor do licitador



Cod. Validación: 5YEKFP3X3HNP34NFG97CDRSG2 | Corrección: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 24



proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado o mesmo, á súa formalización.

17. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato, en documento administrativo e, no seu caso, en escritura pública, materializarase dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación polos licitadores do acordo de adxudicación, segundo o establecido no artigo 153 da LCSP. De conformidade co disposto no artigo 154 da LCSP, a formalización do contrato xunto co correspondente contrato publicarase no Perfil do contratante deste Concello.

18. PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

En cumprimento do establecido no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde co contido indicado no citado Real Decreto e baseado no estudo básico de seguridade e saúde que acompaña ao proxecto. Este plan deberá ser aprobado antes do inicio da obra.

19. DIRECTOR TÉCNICO DAS OBRAS RESPONSABLE DO CONTRATO

O Director Facultativo da obra é a persoa designada pola Administración con titulación idónea e suficiente responsable da dirección e control da execución da obra, asumindo a representación da Administración #ante o contratista. O Director Facultativo asumirá, ademais das funcións derivadas do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa concordante sobre a materia, as funcións do responsable do contrato previstas no artigo 62 da LCSP, e as seguintes:

- Realizar o seguimento material da execución do contrato, para constatar que o contratista cumpre as súas obrigacións de execución nos termos acordados no contrato.
- Promover as reunións que resulten necesarias ao obxecto de solucionar calquera incidente que xurda na execución do obxecto do contrato, sen prexuízo da súa resolución polo órgano de contratación polo procedemento contradictorio que establece o artigo 97 do RGLCAP.
- Dar ao contratista as instrucións oportunas para asegurar o efectivo cumprimento do contrato nos termos pactados, que serán inmediatamente executivas en canto poidan afectar á seguridade das persoas ou cando a demora na súa aplicación poida implicar que devesen inútiles posteriormente en función do desenvolvemento da execución do contrato; nos demais casos, e en caso de mostrar a súa desconformidade o adxudicatario, resolverá sobre a medida para adoptar o órgano de contratación, sen prexuízo das posibles indemnizacións que poidan proceder.
- Proponer a imposición de penalizacións por incumprimentos contractuais.





- Informar nos expedientes de reclamación de danos e prexuízos que suscite a execución do contrato.

20. COMPROBACIÓN DO REFORMULO E EXECUCIÓN DA OBRA, EXECUCIÓN DO CONTRATO, PENALIDADE POR EXECUCIÓN DEFECTUOSA E INEXECUCIÓN PARCIAL, CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN, CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

A comprobación do reformulo efectuarase dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data de formalización do contrato, estendéndose a acta correspondente que asinarán o director de obra e o contratista para constancia no expediente segundo o establecido no artigo 237 da LCSP.

